

Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 11 ao 15 de maio.

Ola estimados alumnoas: Parece que, pouco a pouco, a nova normalidade vaise instalando nas nosas vidas. Aí tedes outro exemplo máis da neolinguaxe coa que nós temos que ir familiarizando nestes novos tempos modernos tecnolóxico-pandémicos. De tódolos xeitos, xa sabedes: a Humanidade, no básico, segue a estar aí, para o bo e para o malo, como hai 5000 anos. Todo o que está escrito non deixan de ser reinterpretacións actualizadas da Iliada, da Odisea e da Biblia.

Bueno, pero nós ao noso. Antes de nada, cuestión administrativa: na semana pasada escribíavos que, de momento, non era necesario que me enviásedes os exercicios ao meu mail

(steinbeck72@gmail.com), á espera de poder recoller as libretas ao final de curso. Bueno, pois iso mudou. Independentemente de que siga pensando en facelo, se a desescalada mo permite, os vossos titores/titoras nos piden aos compañeiros-profesores que vos fagamos un seguemento semanal (temos ata unha ficha e todo para cubrir). De tal xeito que, non me queda outra que pedirvos que a partires de esta semana, me enviédes as tarefas ao meu mail. Vaime petar, redió! NON, NON, NON é necesario que me envíedes as tarefas das semanas anteriores. Comezamos os envíos para todas a partir desta semana. Obrigatorio, polo tanto, enviar as actividades dende agora. As de antes non son necesarias enviarmas, de momento, ok? Eu despois volas vexo e envío esa ficha de CONTROL aos vossos titores/as. Terrrrrrrrrrrr!

Ben, espero que a cousa quedase clara. E agora imos coas actividades desta semana. Tócanos rematar o tema 11, aprendendo un pouquiño sobre a conquista de América polos españois e a organización (política, económica, social, cultural) deses territorios americanos.

Entón, imos facer así:

- Facemos todas actividades das páxinas 300 á 303. NON é necesario facer a preguntas: Describe as conquistas de México e Perú, Usa as tics ou busca información por internete, nen as de Pensa.
- Agora imos estudar como era A vida nas colonias americanas. Para iso faremos as actividades da páxina 304, menos o último punto (busca información).

Moito ánimo e saúde, queridos amiguetes.